

Ben querido amigo/-a,

Dende a ACIAM e o Concello de Mondoñedo estase a traballar para potenciar o Comercio Local. “*Pensa no Futuro... Merca na casa*”

Así, dende o Concello de Mondoñedo, coa colaboración da ACIAM, estanse a inventariar todos os negocios, e actividades económicas con domicilio social na nosa cidade para a elaboración dunha guía que permita a súa promoción e que sexa aproveitada tamén para a posta en marcha dunha campaña que busque sensibilizar a nosa poboación sobre a importancia de mercar no comercio local, contratar servicios aos profesionais da nosa localidade e por en valor un territorio: Mondoñedo.

Todos os datos que configuran a actual lista que se inclúe nesta carta foron tomados de rexistro públicos e inclúen socios da ACIAM e outros negocios de Mondoñedo non asociados.

Sumando todo eles Mondoñedo conta con máis de 250 profesionais que cobre todas as áreas necesarias na nosa cidade.

Así, co fin de facer este traballo entre todos, pregámosvos a vosa colaboración para completar a lista e detallar todo aquilo que sexa preciso para a vosa correcta identificación.

A colaboración consistiría en:

- 1- ver si está ou non o teu negocio na lista que se inclúe nesta carta
- 2- enviarnos correccións en caso de estar mal identificado ou de non aparecer
- 3- indicarnos que nome comercial se quere que figure ou que outros datos se quere que se inclúan (tipo slogan de empresa, etc.)
- 4- enderezo comercial e contacto público para posibles clientes/usuarios (enderezo, email, teléfono, etc.)
- 5- enviar foto da empresa /actividade que se poda usar para promoción.

Debedes remitir toda a información ao e-mail da Oficina de Turismo de Mondoñedo: mondonedoturismo@yahoo.es que dende alí levan a coordinación da lista.

O prazo para enviar, datos, fotos ou a petición de non inclusión remata o día 20 de novembro.

Unha vez rematado o prazo, se non se indica corrección, achega, subsanación ou eliminación do presente listado entenderase que os datos que figuran están correctos e que se pode proceder a facer a citada campaña.


Xa por último, nos vindeiros días tentarase fotografar todas aquelas empresas e/ou negocios que vaian aparecer na guía desta campaña de comercio local sempre e cando os/as interesados/-as queiran e dean o seu consentimento.

Moitas grazas pola túa colaboración.

Traballemos xuntos para, entre todos, potenciar *O Sabor do Noso coa Atención da Nosa Xente*.

En Mondoñedo a 10 de novembro de 2018




Asdo. Elena Candia López
Alcaldesa – Presidenta
Excmo. Concello de Mondoñedo



Asdo. Angel José Marful Castañal
Presidente da ACIAM